

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia e a Rede de Asociacións de Investigadores e Científicos no Extranxeiro (RAICEX), para o desenvolvemento de accións que contribúan a apoiar á Comunidade Científica e Académica Galega no exterior, fomentar a súa vinculación con Galicia, así como ao retorno e aproveitamento do seu talento

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponde, entre outras, a promoción de medidas que favorezan o retorno a Galicia dos galegos residentes no exterior e faciliten a súa integración na sociedade galega, tal e como se recolle no artigo 1.d) do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

A súa vez, o artigo 49 do antedito decreto determina que a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de emigración e retorno e, entre outras, as relacións e o apoio ás persoas e ás comunidades galegas no exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento, as competencias recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude, e as atribuídas á comunidade autónoma na Lei 40/2006, do 14 de decembro, do estatuto da cidadanía española no exterior, en particular, as que melloren o benestar social e a calidade de vida da cidadanía galega no exterior.

A Estratexia Galicia Retorna aprobada polo Consello da Xunta de Galicia, inclúe medidas para facilitar o dereito para regresar a Galicia das persoas emigrantes galegas e da súa descendencia, e recolle como un dos seus obxectivos promover a captación e retorno de investigadores, fomentando a súa incorporación aos distintos centros de coñecemento, empresas e institucións que traballan no ámbito da I+D+I.

Recóllese tamén na devandita estratexia a importancia de difundir, atraer e reter o talento das persoas traballadoras galegas residentes no exterior e de dar a coñecer entre as persoas galegas residentes no exterior a actual oferta tecnolóxica e dixital do territorio, perseguindo atraer talento e ofrecer ás persoas galegas retornadas asesoramento e apoio aos seus proxectos emprendedores.

Así, no marco da Estratexia Galicia Retorna, desenvólvense diversos programas destinados a investigadores e ao emprendemento innovador nos que participan distintos departamentos da Xunta de Galicia.

RAICEX é unha rede fundada no ano 2018 e engloba a 22 asociacións de científicos e investigadores españois no exterior, que representan a máis de 4.500 investigadores e científicos repartidos por aproximadamente 40 países distintos. Entre as súas asociacións membro figuran redes con especial implantación na comunidade

SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN
Praza de Mazarelos, 15
15703 Santiago de Compostela
T. +34 981 957 158
emigracion@xunta.gal
galiciaaberta.com



científica galega no exterior, como ECUSA (Asociación de Científicos Españóis en EE.UU.) e outras asociacións da diáspora científica española.

Esta rede ten entre os seus fins favorecer o intercambio de experiencias e coñecementos entre os investigadores e científicos españois no exterior e todos os axentes do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, servindo como órgano asesor, canalizador de información e catalizador das relacións internacionais e multidireccionais en materia científica, contribuíndo así ao progreso da ciencia.

Galicia conta cunha longa tradición de emigración científica e académica de alto nivel, con investigadores e científicos galegos traballando en institucións de referencia mundial. Neste sentido, RAICEX representa unha ponte privilexiada entre este talento disperso e Galicia, articulando a súa participación na política científica española, facilitando o retorno do coñecemento e apoiando a conexión co ecosistema de innovación galego.

Así, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ten previsto formalizar coa Rede de Asociacións de Investigadores e Científicos no Extranxeiro (RAICEX) un convenio que ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá o desenvolvemento de accións que contribúan a apoiar á comunidade científica e académica galega no exterior, fomentar a súa vinculación con Galicia, así como ao retorno e aproveitamento do seu talento.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non é posible promover a concorrência pública.

Para dar cumprimento ao obxecto deste convenio, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración achegará unha contía de 15.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 14.05.312C.481.0 (código proxecto 2015 00038) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026 na que existe crédito adecuado e suficiente.

Con respecto ao pagamento, na cláusula sétima recóllese que se realizará a medida que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio, mediante pagamentos parciais á conta da liquidación por importe non superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagos xustificados, de conformidade co disposto no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O importe restante librarase no momento en que se xustifiquen na súa totalidade o cumprimento da finalidade e demais condicións para as que se lle concedeu a axuda, sen que en ningún caso, o importe pagado sexa superior ao importe xustificado, ata o límite do importe concedido.



Neste convenio permítase a xustificación do pagamento mediante recibín do proveedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros, consonte ao disposto no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Isto obedece a que atendendo ao reducido importe destes gastos, pode resultar moi custoso o seu pagamento mediante transferencia bancaria.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014; ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

Con atención no exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

